

b) Procedemento: aberto con varios criterios de valoración.

4. Orzamento base de licitación. Importe neto: 498.644,36 euros. IVE (%): 16. Importe total: 578.427,46 euros.

5. Adxudicación.

a) Data: 23 de xullo de 2010.

b) Contratista: *Segurinco, S.L.*

c) Importe ou canon de adxudicación: Importe neto: 364.010,39 euros. IVE (%): 18. Importe total: 429.532,26 euros.

6. Outras informacións.

Esta adxudicación definitiva, en cumprimento dos artigos 137 e 138 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, e conforme o disposto no prego de cláusulas administrativas particulares, foi debidamente notificada aos licitadores e publicada no perfil do contratante.

O que se fai público para os efectos previstos no artigo 138 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

Santiago de Compostela, 3 de agosto de 2010.

P.S. (Orde 6-7-2010, DOG do 14 de xullo)

Francisco Menéndez Iglesias

Xefe de sección de xestión da Área Técnica da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos

Resolución do 3 de agosto de 2010 pola que se fai pública a adxudicación do contrato administrativo de servizos para a asistencia técnica en materia de seguridade e saúde á dirección de obras hidráulicas na provincia de Lugo.

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, ente público adscrito á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

b) Dependencia que tramita o expediente: contratación.

c) Número de expediente: AT/170.

d) Enderezo da internet do perfil do contratante: <http://www.contratosdeg Galicia.es/resultado.jsp?OR=24>

2. Obxecto do contrato.

a) Tipo: servizo.

b) Descrición: asistencia técnica en materia de seguridade e saúde á dirección de obras hidráulicas na provincia de Lugo.

c) CPV (referencia de nomenclatura): 71317200-5.

d) Boletín ou diario oficial e data de publicación do anuncio de licitación: *Diario Oficial de la Unión Europea* número S51, do 13 de marzo de 2010; *Boletín Oficial del Estado* número 62, do 12 de marzo de 2010; e *Diario Oficial de Galicia* número 51, do 16 de marzo de 2010.

3. Tramitación, procedemento.

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto con varios criterios de valoración.

4. Orzamento base de licitación. Importe neto: 498.644,36 euros. IVE (%): 16. Importe total: 578.427,46 euros.

5. Adxudicación.

a) Data: 23 de xullo de 2010.

b) Contratista: *UTE-Payma Cotas, S.A. & Proitec Ingenieros, S.L.*

c) Importe ou canon de adxudicación: Importe neto: 367.999,54 euros. IVE (%): 18. Importe total: 434.239,46 euros.

6. Outras informacións.

Esta adxudicación definitiva, en cumprimento dos artigos 137 e 138 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, e conforme o disposto no prego de cláusulas administrativas particulares, foi debidamente notificada aos licitadores e publicada no perfil do contratante.

O que se fai público para os efectos previstos no artigo 138 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

Santiago de Compostela, 3 de agosto de 2010.

P.S. (Orde 6-7-2010, DOG do 14 de xullo)

Francisco Menéndez Iglesias

Xefe de sección de xestión da Área Técnica da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos

PORTOS DE GALICIA

Resolución do 19 de agosto de 2010 pola que se anuncia a licitación, mediante procedemento negociado con publicidade, sistema multicriterio e tramitación ordinaria, dos dous contratos mixtos de xestión indirecta de servizos portuarios e de prestación de servizos que se citan.

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: ente público Portos de Galicia.

b) Dependencia que impulsa os expedientes: Dirección de Operacións.

c) Dependencia que tramita os expedientes: División de Contratación.

2. Obxecto dos contratos.

A) Descrición do obxecto: xestión do servizo portuario de recepción de refugallos Marpol xerados por buques, da xestión do servizo de recollida de residuos perigosos nos terreos portuarios e da xestión do servizo de limpeza e recollida de residuos perigosos da lámina de auga, nos portos e instalacións portuarias dependentes de Portos de Galicia no sector norte.

-Lugar de execución: todos os portos e instalacións portuarias competencia de Portos de Galicia situados no sector norte, que comprende os portos entre Ribadeo e O Pindo, ambos inclusive, e que se relacionan no anexo I do prego de prescricións técnicas.

-Orzamento base de licitación: douscentos oitenta mil cen euros (280.100 €), 18% IVE excluído.

-Importe do IVE (18%): 50.418 euros.

-Prazo de execución: tres (3) anos.

-Garantía provisional: 8.403 euros (3% do orzamento de licitación, IVE excluído).

-División por lotes: non hai.

B) Descrición do obxecto: xestión do servizo portuario de recepción de refugallos Marpol xerados por buques, da xestión do servizo de recollida de residuos perigosos nos terreos portuarios e da xestión do servizo de limpeza e recollida de residuos perigosos da lámina de auga, nos portos e instalacións portuarias dependentes de Portos de Galicia no sector sur.

-Lugar de execución: todos os portos e instalacións portuarias competencia de Portos de Galicia situados no sector sur, que comprende os portos entre Portocubelo e Tui, ambos inclusive, e que se relacionan no anexo I do prego de prescricións técnicas.

-Orzamento base de licitación: catrocentos once mil cincuenta euros cun céntimo (411.050,01 €), IVE excluído.

-Importe do IVE (18%): 73.989 euros.

-Prazo de execución: tres (3) anos.

-Garantía provisional: 12.331,50 euros (3% do orzamento de licitación, IVE excluído).

-División por lotes: non hai.

3. Tramitación, procedemento e sistema de adjudicación.

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento e sistema de adjudicación: negociado con publicidade; sistema multicriterio.

4. Garantías.

a) Provisionais: as exixidas no punto 2 anterior.

b) Definitiva: 5% do orzamento de adjudicación, IVE excluído.

5. Obtención de documentación e información.

a) Solicitude de información e consultas sobre os pregos: faranse a través de correo electrónico dirixidos á seguinte conta de correo: laura.gonzalez.gurgueiro@xunta.es

Teléfono: 981 54 53 05.

b) Obtención de documentación: os pregos de prescricións técnicas particulares, os pregos de cláusulas administrativas particulares e os cadros de características dos contratos poderanse obter nos seguintes enderezos da internet:

-Perfil de contratante:

www.contratosdegalicia.es/resultado.jsp?N=14689

www.contratosdegalicia.es/resultado.jsp?N=14690

A través deste perfil poderase facer o seguemento das diversas fases dos procedementos de contratación.

-Web do órgano de contratación: www.portosdegalicia.es

c) A data límite de obtención de documentación e información coincide coa data límite de presentación de ofertas, establecida no número 7.a).2 deste anuncio.

6. Requisitos específicos do contratista.

a) Clasificación: non se exige.

b) Outros requisitos: ao abeiro do disposto nos puntos 9.2 e 9.3 dos cadros de características dos contratos, os licitadores interesados en participar neste procedemento deberán de acreditar a súa solvencia económica e financeira e a técnica ou profesional conforme o disposto na cláusula 6.2 do prego de cláusulas administrativas particulares; tamén deberán de observar o cumprimento dos requisitos especificados na cláusula 6.3 do devandito prego e calquera outro establecido nese prego ou no de prescricións técnicas particulares.

7. Presentación das solicitudes de participación e presentación das ofertas.

a) Data límite de presentación:

1. O prazo de presentación de solicitudes de participación, de dez (10) días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no perfil de contratante, fixado no punto 11.2 do CCC, amplíase ata un total de trinta (30) días naturais contado desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no perfil.

2. O prazo de presentación de ofertas rematará ás 14.00 horas do décimo quinto (15º) día natural seguinte ao da recepción da invitación que Portos de Galicia remita para o efecto a aqueles licitadores admitidos para participar nestes procedementos por acreditar debidamente o cumprimento de todos os requisitos especificados no punto 6.b) deste anuncio.

b) Documentación que hai que presentar:

1. Segundo o indicado no punto 11.2 do CCC, xunto coa solicitude de participación, que deberá de axustarse ao modelo previsto como anexo III do PCAP, os licitadores deberán de achegar o sobre A, con toda a documentación exixida na cláusula 11.2.1 do PCAP, debendo de xustificar, axeitadamente, as condicións de solvencia e outras exixidas nas cláusulas 6.2 e 6.3 do citado prego.

2. Os licitadores previamente invitados por Portos de Galicia para participar neste procedemento, deberán de presentar a súa oferta, que constará de dous sobres (B e C), co contido especificado nas cláusulas 11.2.2 e 11.2.3 do prego de cláusulas administrativas particulares.

c) Lugar da presentación:

-Entidade: tanto as solicitudes de participación como as ofertas deberán de ser presentadas a través do rexistro xeral do ente público Portos de Galicia.

-Enderezo: praza de Europa, 5-A, 6º, polígono das Fontiñas (Área Central).

-Localidade e código postal: Santiago de Compostela, 15707.

-Teléfono: 902 40 08 70.

-Fax: 981 54 53 24.

Tamén poderán presentarse por correo certificado dentro do prazo de admisión sinalado conforme o disposto no artigo 80.4º do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

d) Prazo durante o que o licitador se obriga a manter a súa oferta: dous (2) meses desde a apertura pública das proposicións económicas.

e) Criterios de adxudicación: a oferta economicamente máis vantaxosa determinarase en virtude da aplicación dos criterios establecidos no punto 14.1 dos cadros de características dos contratos.

f) Variantes: non se admiten.

8. Apertura de ofertas.

a) Entidade: sala de xuntas do ente público Portos de Galicia.

b) Enderezo: praza de Europa, nº 10-A, 4º. Polígono das Fontiñas (Área Central).

c) Localidade e código postal: 15707, Santiago de Compostela.

d) Data e hora de apertura de ofertas técnicas e económicas: serán publicadas, coa debida antelación, no perfil de contratante.

Se por algún motivo houberse que modificar a data de realización dalgún acto público de apertura de proposicións, reflectirase a nova data no perfil de contratante.

9. Outras informacións.

a) Data de publicación dos anuncios de licitación no perfil de contratante: os anuncios de licitación destes contratos foron publicados no perfil de contratante de Portos de Galicia o día 17 de agosto de 2010, en cumprimento do exixido no artigo 161.2º da LCSP.

b) A mesa de contratación, en cumprimento do disposto na cláusula 12.2 do prego de cláusulas administrativas particulares, comprobará en acto previo a documentación do sobre A presentada coa solicitude de participación e publicará no perfil de contratante e no taboleiro de anuncios dos servizos centrais de Portos de Galicia o resultado da apertura, para que se emenden, se fora o caso e dentro do prazo que se indique, os defectos materiais observados na dita documentación.

10. Gastos do anuncio: os gastos que se deriven da publicación deste anuncio serán por conta do adxudicatario.

Santiago de Compostela, 19 de agosto de 2010.

José Manuel Álvarez-Campana Gallo
Presidente de Portos de Galicia

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Anuncio de acordos de inicio de expediente de reintegro de axudas ao estudo.

Ao non poderse levar a cabo a notificación persoal aos interesados, segundo o disposto no artigo 59.5º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e en aplicación do disposto no mesmo artigo deben publicarse, para os efectos de notificación, os acordos de inicio de expedientes de reintegro de axudas ao estudo. Durante o prazo de 10 días, contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio, os interesados terán á súa disposición os expedientes para que, de acordo co artigo 84 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, aleguen e presenten os documentos e xustificantes que consideren pertinentes ante a Universidade da Coruña, pavillón de estudantes, Campus de Elviña, 15071-A Coruña, teléfono: 981 16 70 00, extensión 1186.

Interesado: Casanova Cacharrón, Fabricio Luís, r/ Europa, 6-piso 3º, 15007, A Coruña.

NIF: 53308491-B.

Importe: 2.887,59 €.

Curso: 2008/2009.

Causa: 2.7.

A Coruña, 5 de agosto de 2010.

Teresa González Martínez
Xefa da Sección de Bolsas